

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR****Departamento Territorial****Servizo de Relacións Laborais****CONVENIO COLECTIVO***Corrección erros*

VISTO o erro padecido na publicación do convenio colectivo da empresa CELTA PRIX, SL (Parque de bombeiros do Morrazo), artigo 3º parágrafo 1º, publicado no BOP nº 226, do 23-11-2009.

Que ó abeiro do disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), as administracións poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, este departamento territorial,

**ACORDA:**

*Primeiro.*—Rectificar o erro material sufrido na publicación do artigo 3º parágrafo 1º do texto do convenio, no senso de, onde di: “O presente convenio terá unha duración de un ano e oito meses dende o 1 de maio de 2009 ata o 31 de decembro de 2010, entrando en vigor ao día seguinte ao seu asinamento, independentemente da súa publicación no DOG ou BOP.” Debe dicir: “O presente convenio terá unha duración de un ano e medio, dende o 1 de xullo de 2009 ata o 31 de decembro de 2010, entrando en vigor ao día seguinte ao seu asinamento, independentemente da súa publicación no DOG ou BOP.”

*Segundo.*—Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo obrante nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

*Terceiro.*—Ordenar o seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

*Cuarto.*—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Vigo, a 26 de xaneiro de 2010.—A xefa territorial, Carmen Bianchi Valcarce.

**2010001393**